

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	36
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	43
9. Outros apartados	43

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia é unha disciplina cuxo obxectivo é o coñecemento da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo. Durante o presente curso 2023-2024 trataremos de que o alumnado coñeza o seu pasado e os elementos que o rodean, facilitando a comprensión da sociedade na que viven dende unha perspectiva naturalista, social, cultural e histórica.

Neste curso, o alumnado adquirirá a terminoloxía propia da historia, a xeografía e a historia da arte adecuada ao mundo contemporáneo ensinándolles a usalo correctamente na vida escolar e social. Traballaremos para que alumnas e alumnos adquiren a capacidade de coñecer e interpretar fontes históricas, facilitando a aprendizaxe da materia e fomentando un pensamento crítico que lles servirá dentro e fora das aulas grazas a comprensión e interpretación de fontes da información tan diversas coma os manuais, os documentos orais, a prensa, os vídeos...

Na materia de Xeografía e Historia no derradeiro curso da escola secundaria traballaremos tódolos contidos curriculares, fomentando o pensamento crítico previamente mencionado e, abordando de especial maneira os contidos relacionados co papel do feminismo, os movementos sociais da cuarta xeración e a historia da nosa propia comunidade autónoma: Galicia. Todos estes elementos serán traballados intrínseca e interdisciplinarmente ao longo do presente curso, por medio de metodoloxías tan diversas como a clase maxistral, traballos de investigación, proxectos de divulgación... procurando acercar a historia ás vidas dos rapaces e rapazas. Directamente relacionado con este derradeiro punto, é importante mencionar o estudo e coñecemento da xeografía física e política, adentrándonos en cómo os territorios afectan a unha poboación, xa que moitos dos procesos que estudaremos ao longo da materia están directamente relacionados cuns territorios concretos.

En canto á organización curricular, abordaremos os contidos baseándonos nun sistema cronolóxico. Este método é elixido para que o alumnado comprenda os diferentes procesos que ocorreron durante a idade contemporánea, dende o seu comezo coa Revolución Francesa a finais do século XVIII ata a actualidade. Para facilitar este coñecemento, usaremos diversas metodoloxías as que faremos referencia no apartado catro; todas elas tratarán de adecuarse á diversidade de aula e abordarán contidos tan dispares como as Guerras Mundiais, a sociedade de clases, os nacionalismos, os movementos revolucionarios actuais... esta diversidade metodolóxica ten como obxectivo principal facilitar a comprensión dos procesos naturais que se levaron a cabo para que a sociedade evolucione ata o que coñecemos a día de hoxe.

Como punto final, é importante que destaquemos a visión global do mundo e a sociedade que pretende mostrar esta materia ao alumnado. Buscaremos que alumnos e alumnas traballen de maneira crítica os conceptos, fomentando a ensinanza baseada en valores traballando con principios como a solidariedade, a igualdade e o traballo e común, amosando unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade tan plural como a actual.

A presente programación didáctica está realizada para un instituto de gran tamaño situado dentro dunha contorna semi-rural como é a cidade galega de Carballo. En 4º temos catro liñas e cada unha destas clases conta con aproximadamente 25 alumnos e alumnas, sendo cada un deles diferente ao anterior, é por iso, que a esta programación didáctica está realizada cunha gran diversidade metodolóxica que pretende adaptarse á diversidade de aula; cabe destacar a moldeabilidade da programación, que sempre buscará adecuarse as diferentes situacións que podan surxir ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1	3	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

O uso de Competencias Clave dentro da aula é un dos puntos cardinais da educación actual, usándoas adecuadamente, conseguiremos que o alumnado se inserte totalmente dentro da materia e alcancen unha comprensión total dos procesos históricos. Mediante o seu uso, fomentaremos a colaboración e a conformación dun coñecemento completo dentro do alumnado. As CC non só axudan á interiorización da materia, senón que aportan elementos necesarios para a conformación do alumnado en adultos insertados dentro dunha sociedade, aportando claves para a configuración de cada un deles e delas. Traballaremos diariamente coas diferentes Competencias Clave, procurando ese coñecemento interdisciplinar que o alumnado poida levar ao seu día a día.

En canto á CCL, é unha competencia nai e común a tódalas materias pero especialmente ás humanísticas. Ten unha importancia cardinal dentro e fora da materia de Xeografía e Historia, fomentando o coñecemento, a comprensión e a comunicación dentro e fóra da aula; a traballaremos diariamente dende diferentes ámbitos: actividades individuais e grupais, estudo, esquemas, traballos de expresión oral, lecturas, comentarios de texto e imaxes...

A STEM será traballada dende diversas perspectivas, sendo a primeira o estudo da disciplina como método científico, empírico e usando actividades que axudarán ao alumnado como a realización de cronogramas e esquemas con datas, tratando de facilitar a abstracción numérica e a sucesión de acontecementos, ademáis, traballaremos con desgloses de formas e perspectivas cando analicemos imaxes e realicemos comentarios artísticos.

En canto á CD, encontrámonos nun mundo híper-informatizado, polo que é imposible imaxinarnos a docencia actual sen un dominio das TIC e unha inserción total da CD na materia. Na aula usaremos recursos como Google Calendar, a Aula Virtual, Power Point, Canva, Microsoft Word... Ademáis, traballaremos as TIC de maneira autónoma con traballos que requiran investigación en línea, o proxecto do "Podcast", uso de plataformas dixitais como TikTok ou Instagram para ver vídeos divulgativos e incluso permitir que o propio alumnado se convirta en creadores de contidos dixitais.

Traballaremos a CPSAA para que o alumnado teña unha aprendizaxe útil e práctica que podan usar de modo autónomo e eficaz, fomentando a motivación polo aprendizaxe, os logros propios e a confianza no seu propio coñecemento. Será traballada diariamente mediante actividades coma o brainstorming, os esquemas, follas resumen, mapas conceptuales... pero tamén noutras actividades máis elaboradas como a Flipped Classroom, na cal o propio alumnado será docente por un día; todas estas actividades serán supervisadas polo docente mediante unha actitude de crítica constructiva e uso do reforzo positivo, procurando que o alumnado coñeza e potencie seus puntos fortes e reforce os débiles.

A CC, é unha das máis importantes apra ensinar e aprender, usando como base unha relación de respecto multidireccional dentro e fóra da aula. A traballaremos mediante a participación do alumnado na toma de decisións, potenciando o diálogo, a votación democrática e o debate usando o consenso como punto clave. Por exemplo, o docente propondrá diversas datas para as probas escritas e o alumnado deberá decidir cal prefere, uso do diálogo para a resolución de conflitos...

A CE traballárase procurando que o alumnado coñeza as diferentes saídas laborais que ten a materia, e procurando

que propoña novas actividades ou modificacións ás ofrecidas pola docente, fomentando a cooperación e comunicación alumnado-docente. Con actividades como a flipped classroom ou o Podcast, procuraremos que sexa o alumnado quen tome as riendas das clases, procurando un ambiente máis distendido no que eles sexan os verdadeiros protagonistas das sesións.

En canto á CP, traballaremos con termos en diferentes linguas coma o inglés, o italiano e o francés.

Finalmente, a CCEC, é de vital importancia dentro dun mundo tan multicultural como no que vivimos na actualidade. Non existen dúas persoas iguais, polo que traballaremos con esta competencia diariamente dentro e fóra da aula, traballaremos con debates que permitan ao alumnado preguntarse o porqué da marxinalidade de diversos colectivos dentro do curriculum. A CCEC, será especialmente traballada durante as derradeiras UD, nas cales poderemos abordar problemas que están á orde do día. É necesario que o alumnado coñeza a realidade paralela existente, é por iso, que ao longo do curso se realizarán diversos seminarios (cuxos temas serán elixidos polo alumnado) sobre elementos non curriculares que axudarán á comprensión do mundo no que vivimos ao alumnado.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os inicios do mundo contemporáneo: Revolucións Burguesas, nacionalismos e sociedade de clases.	A unidade número un supón unha continuación directa da materia de 3º da E. S.O. Durante a presente unidade traballaremos as Revolucións Burguesas, abarcándoas dende a ideoloxía laboral ata os grandes cambios que aconteceron no mundo procurando un cambio económico, político e social. Abarcaremos outra ideoloxía fundamental do XIX: O nacionalismo, centrándonos nos seus principios e primeiros pasos ata as primeiras unificacións e separacións nacionalistas, finalmente, traballaremos sobre a sociedade de clases e os cambios que supuxo.	5	9	X		
2	A Revolución Industrial e o Imperialismo. O reparto do mundo.	Durante a segunda unidade didáctica, traballaremos con outro gran cambio dentro da sociedade: a Revolución Industrial, pilar clave do mundo contemporáneo. Relacionado directamente con estes temas, traballaremos cos transportes, os novos sistemas de traballo, diferencias sociais, novas clases sociais e as novas ideoloxías que xorden co mundo obreiro: socialismo e anarquismo. Para rematar a unidade didáctica, estudaremos os procesos do imperialismo e como este serve de precedente para a I Guerra Mundial.	5	9	X		
3	A transformación de España no XIX. A Revolución Liberal.	Durante a terceira unidade didáctica, partiremos dos coñecementos traballados nas dúas primeiras unidades e veremos como estes movementos, pensamentos, procesos e revolucións afectaron en maior ou menor medida ao noso territorio nacional. Abordaremos temas como a	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A transformación de España no XIX. A Revolución Liberal.	Guerra de Independencia, a Primeira Constitución Española, a Independencia das Colonias, a Construcción do Estado Liberal, a implantación dun proxecto de Revolución Industrial no noso país e que ocorreu en Galicia durante todo o século.	10	9	X		
4	O comezo do XX: A Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa.	Pechamos o primeiro trimestre cos duros inicios do século XX: A I Guerra Mundial. Abordaremos as causas da guerra, dende as primarias ata as máis recónditas, para fomentar unha comprensión intersencional do conflito: o proceso, a vida durante a guerra e as súas consecuencias. Unha vez rematada esta primeira parte, pasaremos a falar da Revolución Rusa: elemento clave do século XX. Partiremos das causas que levaron a esta revolución, o proceso e o fin da Guerra Civil que deu paso á dictadura comunista.	5	9	X		
5	Entreguerras: crise económica e totalitarismos.	Comenzaremos o segundo trimestre co período de entreguerras, analizando a situación económica mundial durante a segunda e terceira década do século XX. Abordaremos a recuperación económica e social tra-la I Guerra Mundial e a consecuente caída da bolsa. Relacionado directamente con esta crise económica e social, daremos paso á crise da democracia no mundo e o auxe do seu inimigo: os rexímenes dictatoriais, traballando acerca das ideoloxías, os procesos, o pensamento político, social e económico, os principios do auxe e os seus principais representantes (Mussolini e Hitler). Finalizaremos a unidade falando do nacemento e o ascenso da URSS.	10	9		X	
6	A Segunda Guerra Mundial: o mundo ao borde da destrucción.	Nesta unidade didáctica traballaremos principalmente coa II Guerra Mundial dunha maneira interseccional: causas, procesos durante a guerra, sociedade... Ademais, estudaremos o Holocausto dende unha perspectiva crítica, fomentando o pensamento crítico do alumnado; procurando que asimilen e coñezan qué causou na sociedade, chegando incluso a interrelacionalo con conflitos actuais. Remataremos a unidade co fin da guerra e as súas consecuencias.	10	9		X	
7	España ante o abismo: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	Durante a séptima unidade pretendemos explicar a situación de España dende a Crise da Restauración ata a II República e Guerra Civil Española. Abordaremos os principais elementos clave: dende a Ditadura de Primo de Rivera, ata os cambios políticos, económicos e populares	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	España ante o abismo: da Crise do 98 á Guerra Civil (1898 - 1939).	<p>que remataron coa proclamación da II República.</p> <p>Durante este período trataremos e valoraremos a orixe, a evolución e a adaptación do sistema liberal e democrático en España, abordando o proceso de conquista dos dereitos individuais e colectivos durante a primeira metade do século XX, facendo especial mención as mulleres e a consecución dos seus dereitos.</p> <p>Finalizaremos a unidade didáctica falando sobre a Guerra Civil Española: causas, desenvolvemento e vida durante a guerra en cada un dos bandos.</p>	10	8		X	
8	España: Final da Guerra Civil, Franquismo... O camiño cara a democracia (1939-1975)	<p>Na derradeira unidade do segundo trimestre, o alumnado traballará co franquismo, comprendendo as distintas fases da dictadura, a sociedade e as diferentes posturas ideolóxicas que xurdiron durante o réxime. Este tema supón unha base non só para a comprensión da vida actual senón para traballar o final do réxime e o comezo da democracia no noso país mediante o período da Transición.</p>	10	9		X	
9	O Mundo trala Segunda Guerra Mundial (1945-1991): a Guerra Fría e os seus procesos.	<p>A unidade nove da comezo ao terceiro e último trimestre do curso. Retomaremos a historia mundial e traballaremos coa Guerra Fría como parte cardinal do mundo no que vivimos, procuraremos que o alumnado comprenda os principais procesos e conflitos (económicos, ideolóxicos, sociais, políticos...) que tiveron lugar durante estes anos. Adentrarémonos nos grandes cambios que aconteceron no modo de ver e vivir o mundo, cambios que chegan ata a actualidade e cos que seguimos convivindo a día de hoxe.</p>	10	8			X
10	A descolonización	<p>Durante esta unidade didáctica traballaremos cos procesos de descolonización, así como a independencia das nacións conformando o mundo no que vivimos. Non só nos centraremos nesas barreiras xeográficas e procesos políticos senón que tamén abarcaremos tódolos procesos sociais e políticos que crearon o mundo tal e como o coñecemos.</p>	10	9			X
11	Os grandes cambios no mundo dende 1945. Tensións e retos	<p>Na unidade didáctica número once traballaremos cos diferentes procesos sociais, políticos e económicos que houbo durante os séculos XX e XXI, que crearon o noso mundo. Faremos que o alumnado comprenda e traballe con movementos</p>	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Os grandes cambios no mundo dende 1945. Tensións e retos	como o indixenismo, procedementos como a desaparición da URSS, a independencia dos países de Europa do Leste, a expansión de Asia, a evolución de África, o mundo islámico... elementos que o alumnado facilmente pode relacionar co mundo no que viven, pero que deben comprender dende unha postura critica e obxetiva.	10	8			X
12	O arte do século XX e XXI: Os cambios do mundo.	Finalizamos o temario do presente curso recollendo tódala información traballada durante o derradeiro trimestre e usando a arte para facilitar a total comprensión tanto do temario establecido como do mundo no que vivimos.	5	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os inicios do mundo contemporáneo: Revolucións Burguesas, nacionalismos e sociedade de clases.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	55
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	45
CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.

Contidos

- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

UD	Título da UD	Duración
2	A Revolución Industrial e o Imperialismo. O reparto do mundo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	65
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	35
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución. - As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. - Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia. - O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea. - A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementsos artísticos do século XIX en España e Galicia.

Contidos

- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.

UD	Título da UD	Duración
3	A transformación de España no XIX. A Revolución Liberal.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	65
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	35
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementos artísticos do século XIX en España e Galicia. - As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo. - Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e

Contidos

- comparativo.

- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
4	O comezo do XX: A Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	PE	65
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	35
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo. - As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco. - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos. - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.

UD	Título da UD	Duración
5	Entreguerras: crise económica e totalitarismos.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	67
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	33
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.6 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.6 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais. - O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado. - A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España. - A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente e recoñecemento e reparación das vítimas da violencia. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade. - Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos. - Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información. - Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo. - Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais. - Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. - A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas. - As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

Contidos
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
12	O arte do século XX e XXI: Os cambios do mundo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	PE	60
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que entende as secuencias cronolóxicas e a terminoloxía específica.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA1.5 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos. - A acción dos movementos feministas e sufragistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado. - A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España. - Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia. - Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información. - Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo.

Contidos

- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.
- Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A continuación mostraranse algunhas das liñas de actuación metodolóxica que usaremos durante o presente curso na materia de Xeografía e Historia para conseguir os obxetivos propostos e unha adecuada adquisición das competencias. Cabe destacar que tódalas liñas de actuación e tódalas partes da presente programación didáctica son moldeables ao ritmo do curso, dispoñendo a docente dun gran banco de actividades de reforzo e ampliación que poden e deben adecuarse ao alumnado co que traballemos en cada momento.

O temario que se imparte en 4º da E.S.O. é novo para o alumnado e suporá a base da ensinanza que poden continuar en Bacharelato, é por iso que é importante establecer unha ampla base de coñecemento. Por este motivo, a materia organizarase cunha base cronolóxica e por ámbitos de coñecemento, procurando a comodidade e a comprensión da materia por parte do alumnado.

Durante o presente curso buscaremos conseguir unha aprendizaxe significativa no alumnado, sempre adaptada ao ritmo de cada un/unha. Para conseguir este obxectivo principal, usaremos probas iniciais escritas (probas de inicio de curso, webquest...) e outras orais (brainstorming, preguntas lanzadas ao aire...).

É preciso que como docentes acheguemos os contidos ao alumnado, polo que procuraremos mostrar a información dunha maneira interesante para eles, usando a música, a gamificación, o anime e incluso recursos cercanos como a cidade da Coruña e a súa importancia durante o século XIX.

Trataremos de fomentar a autonomía na aprendizaxe, buscando que o alumnado faga seus propios apuntes e esquemas, procurando que pase pouco a pouco a unha investigación autónoma, xerando unha independencia ao longo do curso escolar.

Finalmente, compre sinalar o terceiro pilar da nosa programación: a educación baseada nos valores que será traballada diariamente como base para un ensino fundamentado no respecto multidireccional, as relacións entre compañeiros, a creación dun espazo seguro para todos e todas, proposición de novas actividades... procurando que os coñecementos curriculares vaian da man dos coñecementos e as habilidades sociais, para relacionarse deste modo dunha maneira segura co mundo no que viven.

Ao longo da materia realizaremos actividades interdisciplinares con outras materias, fomentando que o alumnado sexa consciente da importancia da historia, dado que tódolos elementos cos que nos encontramos diariamente nacen nun contexto histórico determinado, ademáis, moitos dos procesos que se estudan ao longo do curso están directamente relacionados con elementos históricos á orde do día polo que poderán tomar como base o coñecido para adentrarnos en coñecementos máis técnicos.

O enfoque metodolóxico é eminentemente activo, procurando que o alumnado sexa suxeito activo do seu coñecemento e focalizando mediante a crítica constructiva e o reforzo positivo no seus coñecementos. Trataremos de aproveitar estes datos e interrelacións co coñecemento do alumnado; conseguindo así que establezan conexións e comprendan mellor a historia do mundo no que eles mesmos viven, isto o poderemos traballar mediante o método interrogativo, debates na aula, xogos de preguntas e respostas, brainstorming antes dos temas... Dentro desta aprendizaxe máis autónoma é conveniente que o alumnado realice traballos de investigación, tanto individuais como grupais, de distintas temáticas que permitan ao alumnado demostrar as súas habilidades e competencias.

Como punto final, compre sinalar a maleabilidade da presente programación didáctica que adaptaráse a diversidade de cada aula, sendo posible crear novas actividades, espazos ou adaptalas para que o alumnado sexa o elemento activo da educación, procurando adaptarnos a toda a diversidade de aula e adecuarnos a todos os niveis de comprensión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO DE TEXTO
APUNTAMENTOS DO DOCENTE
AULA VIRTUAL DO CENTRO
MATERIAL TIC e DIXITAL
ACTIVIDADES ESPECIFICAMENTE MARCADAS
MATERIAL AUDIOVISUAL E VISUAL
CADERNO OU PORTFOLIO DE TRABALLO DO ALUMNADO
XOGOS DE SIMULACIÓN
LITERATURA e HISTORIA.

Na actualidade contamos cunha gran diversidade de recursos que poden axudar ao noso alumnado a comprender e traballar as materias dun xeito máis adecuado e fácil.

- O libro de texto enténdese como un material primordial en canto ao apoio para o alumnado e profesorado. Aglutina información, actividades e esquemas, aínda así, non determina a metodoloxía docente que se usará ao longo do curso. A docente determinará e xestionará seu uso, completando, resumindo ou evitando partes del.

- En canto aos apuntamentos do docente, o alumnado contará con distintos recursos haberá distintos tipos segundo as necesidades de aula. Por norma xeral o alumnado contará con Power Point na Aula Virtual de cada tema, no caso de que fora necesario haberá materiais de apoio, ampliación, resumo... Que completarán a información vista en clase e axudarán ao alumnado para a súa total comprensión.

- Caderno de traballo onde o alumnado fará as tarefas encomendadas, así como os resumos, esquemas e actividades que realicemos durante as clases.

- Na Aula Virtual, o alumnado encontrará de vez en cando recursos extra (Power Points, apuntamentos, esquemas, resumos, vídeos...) e actividades que servirán para asentar contidos.

- Usaremos materiais audiovisuais como videos-resumen, tik-toks ou fragmentos de películas cando a docente o determine como necesario. Estes recursos soen axudar ao alumnado pola facilidade para recordalos.

- En canto aos xogos de simulación e literatura, o alumnado contará con diversos recursos tanto audiovisuais como escritos que podan axudalos a traballar a materia dende outros aspectos.

Toda esta diversidade metodolóxica plantexada está suxeita ás necesidades do alumnado, poidendo ser necesario engadir ou eliminar determinados elementos metodolóxicos dependendo da diversidade de aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase unha proba inicial escrita que tratará sobre contidos vistos en cursos anteriores que estean en relación cos que veremos no presente curso. Esta proba non puntúa para a avaliación pero sí ofrece información diagnóstica importante para a docente posto que permite saber de que nivel parte o alumnado en xeral, ademais, nos serve para valorar o progreso diario no proceso formativo e identificar dificultades de maneira primaria.

Ao comezo de cada unha das Unidades Didácticas realizaremos tarefas destinadas a avaliar qué coñecementos ten o alumnado sobre o novo tema, co fin de reforzar e afianzar os que xa teñen e ampliar novos contidos. Evidentemente, estas probas diagnosticas nos permiten detectar as incorreccións que teñen sobre os elementos a traballar, especialmente aqueles que estén máis popularizados e que precisan aclaracións e rectificacións. Estas probas serán

principalmente orais (interrogantes ao aire, brainstorming, kahoot...) non obstante, tamén traballaremos, segundo as actividades en enunciados de verdadeiro e falso, entrevistas, redaccións... elementos que axuden ao alumnado a demostrar os seus coñecementos, procurando unha corrección ou o uso do reforzo positivo para afianzalo e fomentar a confianza no propio coñecemento.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	5	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	55	65	65	65	55	65	60	60	65	65
Táboa de indicadores	45	35	35	35	45	35	40	40	35	35

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	67	60	62
Táboa de indicadores	33	40	38

Criterios de cualificación:

En canto aos criterios de calificación, o peso recae maioritariamente nas probas escritas cunha porcentaxe do 70%. En canto ao 30% restante, debemos falar dunha división:

- 20% adxudicado as táboas referidas aos traballos e proxectos que se realizarán en cada un dos trimestres.
- 10% restante adxudicado ás táboas de indicadores que se refiren ao traballo diario na aula, coas rúbricas correspondentes ao caderno, exposicións orais e participación activa durante as diferentes sesións (tanto dentro como fóra da aula).

Cada trimestre contará con dúas probas escritas puntuadas nunha escala de 1 a 10 e consistirán nunha serie de cuestións en diversos formatos: preguntas de desenrolo, preguntas curtas, comentarios de imaxe ou texto, definicións... Nas diferentes probas escritas aparecerá especificado o valor máximo de cada pregunta. Enténdese que o valor máximo só se obterá no caso de que a cuestión esté contestada á perfección, de non ser así, a puntuación irá diminuindo en función dos criterios establecidos polo docente. A puntuación do exame será obtida pola suma das calificacións de tódalas preguntas.

En canto aos traballos e/ou proxectos, serán puntuados por medio de rúbricas específicas nas cales teránse en conta tanto os contidos establecidos no currículo como diferentes obxetivos acadados ou non durante a elaboración establecidas nas táboas de contidos. Os traballos e/ou proxectos poden ser de diversa índole: monográficos, exposicións orais, flipped classroom, traballos con vídeo, edición de fotografías...

En canto ao traballo diario na aula será avaliado por medio dunha rúbrica que analice o comportamento do alumnado recollido mediante os diferentes diarios de aula: entrega de deberes, realización do caderno, participación durante as sesións...

En conclusión, a media aritmética das dúas probas escritas suporá o 70% da calificación final, o 20% serán os traballos e o 10% restante o traballo diario da aula.

Para poder superar a avaliación será condición indispensable ter unha nota igual ou superior ao 3,5 en cada un dos elementos avaliados (probas escritas, traballos, proxectos, traballo de aula...)

A avaliación consideraráse aprobada cando a media ponderada da avaliación de unha calificación igual ou superior ao 5, de ser inferior, levarase a cabo o plan de recuperación. Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa superior a 5, o redondeo irá á alza, polo contrario, se é igual ou inferior a 5 irá a baixa.

A cualificación da avaliación final calcularase facendo a media aritmética das tres avaliacións.

Se o resultado da avaliación final é inferior a 5 (contando co redondeo) o/a alumno/a deberá presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos traballados ao longo das tres avaliacións. Será unha proba escrita no que se examinarán tódolos criterios de avaliación de tódalas unidades didácticas. A cualificación deberá ser igual ou superior a 5 (escala 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario, quedará pendente.

O alumnado que non resulte aprobado terá que ir á fase da recuperación extraordinaria e o docente reforzará aqueles aspectos que precise mellorar.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere as avaliacións deberá realizar o plan de recuperación. Este plan de recuperación consistirá nun traballo de recuperación ou unha proba escrita de recuperación, quedando a disposición do docente elixir unha ou outra. Neste traballo de investigación ou proba escrita avaliaranse tódolos contidos traballados durante o trimestre.

So consideraráse que o/a alumno/a superou a proba de recuperación cando obteña unha calificación igual ou superior ao 5 na proba escrita ou no traballo.

En canto a proba escrita, consistirá nunha serie de preguntas de diferentes formatos (desenrolo, curtas, comentarios...) que avaliará se o alumnado adquiriu as competencias e contidos necesarios para superar a avaliación. En canto ao traballo de recuperación, consistirá na elaboración dun traballo de investigación que avaliará a obtención dos contidos necesarios para poder superar a avaliación.

Indiferentemente da calificación obtida no traballo ou proba escrita de recuperación, a calificación oficial tra-la realización da proba extraordinaria de calificación será dun 5.

No caso de non recuperar a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación extraordinaria cando o docente o considere pertinente. Esta recuperación consistirá noutra proba escrita puntuada nunha escala de 1 a 10 e avaliará a obtención dos contidos necesarios para superar a materia do trimestre.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto as medidas de atención a diversidade compre recordar a gran diversidade coa que traballamos os docentes nas aulas, non só en referencia aos NEAE, senón que ningún alumno ou alumna é igual que o anterior e é importante que nos adaptemos a todos e cada un deles, é por iso que esta programación didáctica é moldeable e pódese ampliar ao longo do curso.

Nun principio, falaremos dunhas medidas de atención á diversidade en dous niveis:

- Medidas de reforzo: Traballo destinado a reforzar e traballar os materiais de aula, fomentando o traballo autónomo e adaptado para facilitar a comprensión (resumos, preguntas curtas, comentarios de imaxe...).
- Medidas de ampliación: Traballo destinado a ampliar contidos ou profundidade dos contidos traballados na aula. Estas actividades poden ir aumentando a complexidade segundo as necesidades de aula, fomentando esa motivación polo coñecemento.

Finalmente, compre recordar que calquera problemática detectada na aula, dará paso a flexibilización ou adaptación non significativa da programación para atallar a situación o antes posible e promover o proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X		X			X		X
ET.2 - Educación ambiental.			X					
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.			X			X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.			X					X
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X			X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social		X	X	
ET.2 - Educación ambiental.		X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.		X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X	X	
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	

Observacións:

Na materia de Xeografía e Historia traballaremos todos os elementos transversais, destacando dous: a comprensión lectora, oral e escrita pola súa relación directa coa materia (comentarios, lecturas, realización de textos...) e a educación para a igualdade, traballandoa durante as sesións e durante o tempo no centro. De igual modo, traballaremos a educación cívico-social mediante a análise obxectiva e a toma de consciencia de diferentes procesos históricos como a segunda Guerra Mundial, o estudo das constitucións e os rexímenes dictatoriales... Destacamos tamén a educación para a paz debido á súa relación coa materia (abordando aspectos relacionados coas guerras, o sufrimento, os cambios na sociedade...), o resto de elementos transversais serán traballados en maior ou menor medida ao longo das diferentes unidades didácticas,

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria			X
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria	X	X	X
Lecturas	Complementaria	X	X	X

Observacións:

Ao longo do presente curso 2023-2024 realizaremos diferentes actividades complementarias que tratarán de adaptarse ao ritmo do noso alumnado. Consideramos estas actividades coma cardinales porque potencian a motivación, a comprensión e o afondamento nos contidos do currículo.

Ademáis, axudan a potenciar a socialización do alumnado e descubrir novas habilidades ou intereses.

Previamente á actividade, prepararemos ao alumnado, dándolle información sobre o tema a tratar. Procuraremos non abordar demasiada información senón que sexan eles e elas quenes investiguen durante a actividade; con posterioridade, durante unha sesión abordaremos o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia.
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada

Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Os criterios de cualificación foron axustados.
Metodoloxía empregada
Motiva ao alumnado
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
É innovador/a
Valora o esforzo
Sabe dirixir a clases
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Revisa a realización das tarefas propostas
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Realizouse a avaliación inicial
Clima de traballo na aula
Resolve dúbidas

Descrición:

Como profesores, ademais de ensinar debemos aprender do alumnado. Evidentemente, debemos auto-avaliarnos para poder coñecer qué debemos cambiar e qué no cambiar.

En canto á avaliación da práctica docente realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración do 1 ao 10 con diferentes cuestións (coñecementos, metodolóxicos ,avaliación...), estes cuestionarios faranse ao final de cada avaliación. Faremos esta enquisa para poder cambiar a dinámica e poder establecer novos patróns de traballo que axuden ao noso alumnado adecuando programación e metodoloxía didáctica.

Ademais, realizaremos un cuestionario de autoavaliación cunha escala 1-10. Este cuestionario estará máis relacionado con temática de temporalización, obxetivos, contidos... unha vez máis, coa finalidade de poder adecuarnos máis ao noso alumnado, promovendo unha aprendizaxe activa e personalizada.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A docente realizará o seguimento da programación atendendo a todos e cada un dos elementos tratados neste documento: temporalización, criterios de avaliación, contidos a impartir, obxetivos, metodoloxía... para axustar e modificar os elementos necesarios. Ademais, procurarase buscar unha razón pola cal conseguíronse acadar os obxetivos ou non. Toda esta información recollerase nas actas de departamento.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados